

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE XANEIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de xaneiro de dous mil vinte e catro reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 5 de xaneiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de "PAVIMENTACIÓNS E MELLORAS NO CAMIÑO DE TRASULFE A LOUREIRO", redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, en data decembro de 2023, cun importe global de DEZASEIS MIL SEISCENTOS VINTE E SETE

EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (16.627,84 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓	Execución por contrata:	15.452,38 €
✓	Honorarios de proxecto:	526,20 €
✓	Honorarios dirección de obra:	519,40 €
✓	Honorarios coordinación de seguridade e saúde	129,86 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 12/01/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- RENUNCIA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV” (EXPEDIENTE NÚM. [REDACTED])

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 12 de abril de 2023, aprobouse o expediente de contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”, e dispúxose o inicio do procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).

2º.- O anuncio foi publicado no perfil do contratante do Concello con data 12 de abril de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o día 2 de maio de 2023.

3º.- Durante o prazo de presentación de proposición recibíronse no Rexistro municipal as seguintes ofertas:

LICITADOR	CIF	DATA	NÚM. REXISTRO
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	██████	02/05/2023	725
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	02/05/2023	729
METALEUME S.L.	██████	02/05/2023	731
CIES OBRA CIVIL S.L.	██████	02/05/2023 ⁽¹⁾	732
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L.	██████	03/05/2023 ⁽²⁾	741

(1) Certificado en Correos ás 13:05 horas do 02/05/23 (comunicado por mail ás 13:31 horas do 02/05/23).

(2) Certificado en Correos ás 13:35 horas do 02/05/23 (comunicado por fax ás 13:38 horas do 02/05/23).

4º.- A Mesa de contratación, na súa reunión de data 15/05/23, realizou proposta de adxudicación a favor do licitador Cíes Obra Civil S.L., ao ter acadada a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación fixados no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe dita licitación.

5º.- O licitador proposto Cíes Obra Civil S.L. presentou con data 24/05/23 (RE núm. 846) a documentación requirida, así como o depósito da garantía definitiva en forma de aval, por importe de 6.710,71 €.

6º.- O Concello no procedeu a esta data a adoptar o acordo de adxudicación da obra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- O artigo 152 da LCSP regula a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e o desestimento do procedemento de adxudicación pola Administración.

2º.- O apartado terceiro do dito artigo dispón textualmente: *“Solo poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente”*.

3º.- A razón de interese público que fundamenta o presente acordo é a necesidade de destinar os fondos económicos previstos para a obra obxecto do contrato a outras infraestruturas prioritarias (STXS de Galicia do 8 de outubro de 2009). O obxecto, características e destino do edificio, malia súa falta de concreción no proxecto técnico, encaixa nun tipo recurso vinculado á prestación dos servizos sociais, competencia atribuída legalmente á Xunta de

Galicia, polo que debera ser sufragado o seu coste, de ser o caso, con cargo aos orzamentos autonómicos. Pola contra, o Concello padece na actualidade de infraestruturas deficitarias que constitúen servizos mínimos obrigatorios ao tenor do disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Entre eses servizos de prestación obrigatoria o “*acceso aos núcleos de poboación*” e a “*pavimentación das vías públicas*” requiren dunha inversión prioritaria para a súa reparación e mantemento. A rede viaria de titularidade municipal atópase notablemente deteriorada na actualidade por variadas circunstancias tales como as adversas inclemencias meteorolóxicas e o deficiente mantemento realizado polos anteriores xestores municipais, existindo unha elevada demanda veciñal de arranxo das estradas e camiños municipais por canto o seu deficiente estado actual repercute moi negativamente na comunicación entre os lugares e parroquias do Concello, así como no desenvolvemento das actividades económicas, fundamentalmente as gandeiras, prexudicando a numerosas explotacións nun concello cun importante desenvolvemento do sector primario.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Renunciar á adxudicación do contrato da obra denominada “*Construción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase IV*” (expediente núm. [REDACTED]).

Segundo.- Notificar o presente acordo á sociedade candidata e aos licitadores.

Terceiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituída pola sociedade Cíes Obra Civil S.L., mediante aval da entidade financeira Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A., por importe de 6.710,71 €, estendido en data 23 de maio de 2023 (registro núm. [REDACTED]).

Cuarto.- O Concello poderá compensar á sociedade candidata e aos licitadores dos gastos que eventualmente puideran ter incorridos no presente procedemento, previa solicitude efectuada ao efecto e condicionada a súa xustificación documental.

4.- AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNA NO CONCELLO

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento de prácticas de formación da seguinte alumna en dependencias de titularidade municipal:

ALUMNA	Vanesa Pérez Presas
DNI	██████████
ESTUDOS	Educación infantil
CENTRO	IES Francisco Daviña Rey, de Monforte de Lemos (Lugo)
NÚMERO DE HORAS	384
DATA DE INICIO	16/01/2024
DATA FINALIZACIÓN	03/06/2024
DEPARTAMENTO	Servizos Sociais
COORDINADORA	Raquel Blanco Valladares, mestra-directora do Punto de Atención á Infancia (PAI)

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e a alumna non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as contingencias legalmente esixibles.

Terceiro.- O Concello procederá a efectuar a alta na seguridade social da alumna en prácticas, e o abono das cotizacións correspondentes, de conformidade co esixido na DA 52ª da Lei Xeral da Seguridade Social.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine o correspondente convenio e canto documento sexa preciso para a efectividade do acordado.

5.- DACIÓN DE CONTA DAS PREMIADAS NO I CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”

De conformidade co establecido nas bases do I Concurso de Decoración do Nadal “Rodeiro é ilusión”, infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que o xurado cualificador, reunido o pasado día 5 de xaneiro do corrente, acordou conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA I (Familiar/Individual)

Primeiro	Silvia Montoto Espiño	200,00 €
Segundo	Cristina Galbán Fungueiriño	150,00 €
Terceiro	Tania Taboada Calviño	100,00 €

CATEGORÍA II (Empresas, comercio e hostalaría)

Primeiro	Marta Moure Vázquez	200,00 €
Segundo	Mary Fernández Fernández	150,00 €
Terceiro	Vanesa Pereiro Vicente	100,00 €

CATEGORÍA III (Decoración de espazos públicos)

Primeiro	Asociación O Falar das Pedras	200,00 €
Segundo	ANPA Xulio Lois	150,00 €
Terceiro	Deserto	

6.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO PRESENTADO POLO ALCALDE DO CONCELLO

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que o Sr. alcalde do Concello Don José Luís Camiñas Vázquez presentou un escrito no Rexistro municipal, con data de día de hoxe 12 de xaneiro (RE núm. 37), polo que renuncia voluntariamente ao percibo de importe algún pola súa dedicación

parcial á Alcaldía, con data de efectos do día 1 de xaneiro do corrente e ata a súa reincorporación ás funcións que legalmente ostenta.

A Xunta de Goberno Local toma razón do escrito presentado aos efectos nel consignados.

7.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 19 de decembro de 2023 a Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza, en autos de recurso de apelación núm. ██████████, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“Que debemos DESESTIMAR Y DESESTIMAMOS el recurso de apelación interpuesto por el Procurador D. VICTORINO REGUEIRO MÚÑOZ, en nombre y representación de JUAN CARLOS DIÉGUEZ y EDITA CONDE DIÉGUEZ, contra la Sentencia 102/2023 de 25 de mayo, dictada por el Juzgado de lo contencioso-administrativo número 3 de los de Pontevedra en el Procedimiento Ordinario 61/2019, por la que se estimó en parte el recurso de reposición y de revisión contra las licencias de obra y actividad concedidas a Ganaderías Proas Darriba SC para la construcción y funcionamiento en el lugar de Vila de la parroquia de Rodeiro, CONFIRMANDO ÍNTEGRAMENTE LA MISMA, con expresa imposición de costas limitadas a la cantidad máxima de 1.000 € por cada parte personada apelada”.*

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sempre que se acredite interese casacional.

8.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- María del Carmen Poutón Cambeiro

Visto o escrito presentado por Dona MARÍA DEL CARMEN POUTÓN CAMBEIRO, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 6, do 03/01/24), polo que solicita a adecuación e limpeza da estrada provincial EP-6202 Rodeiro-Oseira, por mor do perigo que presenta para a circulación motivado por un derrame de aceite acontecido

hai uns anos que foi obxecto dunha limpeza deficiente. A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, informar favorablemente o solicitado e achegar dita solicitude, xunto coa certificación do presenta acordo, á Deputación Provincial, como administración titular da estrada, para que proceda a atender o solicitado.

- Manuel Villanueva Pandeiros e 23 máis

Visto o escrito presentado por Dona MANUEL VILLANUEVA PANAEIROS, con DNI núm. [REDACTED], e 23 máis, veciños/as do lugar de Aldea de Riba, parroquia de Riobó (RE núm. 33, do 10/01/24), polo que solicita a instalación de “lomos de burro” na estrada provincial EP-6202 Rodeiro-Oseira, ao seu paso pola parroquia de Riobó dada as altas velocidades ás que circulan os vehículos por dito lugar. A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, informar favorablemente o solicitado e achegar dita solicitude, xunto coa certificación do presenta acordo, á Deputación Provincial, como administración titular da estrada, para que proceda a atender o solicitado.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- E.S. ATENEO S.L. 1.000,00 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2024/FD/000009 (FACe).
- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 164,56 € E 526,28 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA78W0001558 e TA78W0001559 (FACe).
- TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-A4DD-096403 e 28-A4DD-055883 (FACe).

- ADRIÁN NOVOA RODRÍGUEZ 1.450,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Nadal 2023*”, s/factura
núm. 007.1/24.
- ADRIÁN NOVOA RODRÍGUEZ 600,00 €
Por realización de actividades de animación infantil no día de Reis,
s/factura núm. 008/24.
- BLACKPRO PRODUCCIÓN&RENTAL S.L.U. 2.178,00 €
Por actuación do grupo musical “*Los Jinetes del Trópico*” no día de Reis,
s/factura núm. 2024/A/2 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)